

Nome _____ Data _____

1 Le o texto cunha pronuncia, cunha entoación e cun ritmo axeitados.

Viaxe a Transilvania

–Señoras e señores, acabamos de entrar en Transilvania. Tempestade e mais eu botamos unha ollada pola fiestra, mirámonos e pensamos o mesmo. Non se notaba nada que acabáramos de entrar en Transilvania. A estrada era exactamente igual de monótona e aburrida ca dez quilómetros antes. Os campos eran de cor verde e estaban salpicados de xirasoles amarelos que facían bonita a paisaxe. Lonxe de ser unha terra tenebrosa e escura, alí lucía o sol.

–E os vampiros? –preguntei en voz alta, coa mosca detrás da orella.

O guía, que non me oíu, pero que debía ter telepatía, dixo:

–E moitos de vostedes, que se apuntaron a esta viaxe misteriosa e inquietante arredor do personaxe de Drácula, deben preguntarse onde están os vampiros... verdade?

–dixo mentres repasaba coa ollada os viaxeiros, mirándoos en fite–. Os vampiros son seres lendarios comúns a moitas culturas, que converteu en populares o escritor Bram Stoker. Pero, en realidade, non son orixinarios de Transilvania.

Pois que estafa, pensei eu. Fannos crer que imos á terra dos vampiros e resulta que os vampiros, vai ti saber, quizais veñen de Ourense.

–Alguén leu a novela *Drácula*, do escritor irlandés Bram Stoker?

–Eu, eu! –berrou o irmán de Tempestade desde a segunda fila.

–Mentireiro –dixo baixinho Tempestade, ensinándome o libro que tiña nas mans, que resultou ser *Drácula*–. Só leu o resumo na Galipedia.



MAITE CARRANZA, *Vítor e os vampiros* (adaptación)

2 Marca a oración que mellor resume o sentido xeral do texto.

- ☐ Vítor e Tempestade viven en Transilvania.
- ☐ Vítor e Tempestade están en Transilvania e un guía fálalles dos vampiros.
- ☐ Vítor e Tempestade están en Transilvania e ven vampiros.

- 3** Indica se os protagonistas viaxan nun medio de transporte público ou privado.
Copia algúns fragmentos do texto que che axudaron a sabelo.

- 4** Escribe V (verdadeiro) ou F (falso) diante de cada afirmación.

- ☐ Bram Stoker naceu en Irlanda e escribiu o libro *Drácula*.
- ☐ O inglés Bram Stoker é o director da película *Drácula*.
- ☐ Os vampiros son orixinarios de Ourense.
- ☐ Os vampiros son seres reais orixinarios de Transilvania.
- ☐ Os vampiros son criaturas lendarias comúns a moitas culturas.
- ☐ Os protagonistas fan unha viaxe por Transilvania.



- 5** Relaciona cada expresión co seu significado.

Estar coa mosca detrás da orella

Mirar fixamente, con atención.

Ter telepatía

Ser unha criatura imaxinaria, de lenda.

Botar unha ollada

Desconfiar de algo.

Mirar en fite

Ser capaz de imaxinar o que alguén pensa.

Ser un ser lendario

Mirar rapidamente algo.

- 6** Na terceira liña, Vitor afirma que Tempestade e mais el pensaron o mesmo.
Explica que cres que pensaron.

7 Responde. En que consiste o traballo dun guía turístico?

8 Identifica os elementos da comunicación nesta escena.



- Emisor ► _____
- Receptor ► _____
- Mensaxe ► _____
- Código ► _____
- Canle ► _____

9 Marca as situacións en que se establece unha comunicación non verbal.

- ☐ Vítor e Tempestade míranse pensando onde estarán os vampiros.
- ☐ O guía pregunta quen leu o libro.
- ☐ O irmán de Tempestade di que el leu *Drácula*.
- ☐ Tempestade móstralle o libro a Vítor, para demostrar que non o ten o seu irmán.
- ☐ O protagonista mira con cara malhumorada ao guía cando se decata de que non hai vampiros.

10 Copia palabras da lectura que conteñan os seguintes sons.

Son K representado con c	_____	_____	_____
Son K representado con qu	_____	_____	_____
Son G representado con g	_____	_____	_____
Son G representado con gu	_____	_____	_____